

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE MAIO DE 2014**

A C T A

Ás 16:00 horas do día indicado reúnense nas salas de videoconferencia de Ourense e Vigo os membros reseñados a continuación:

Asistentes (6):

Beatriz Comendador Rey, Pedro Arias Sánchez, Fernando Carrera Ramírez, Cristina Montojo Santos, Mercedes Solla Carracelas, M^a Beatriz Vaquero Díaz.



Escusan a súa asistencia (1): Natalia Caparrini Marín.

ORDE DO DÍA:

1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa á Comisión dos seguintes puntos:

- a) Balance da programación das materias do máster enviado a todo o profesorado.
- b) A iniciativa do módulo 3 que lanzou a proposta, a empresa contratada para a difusión do máster está rematando de revisar unhas plantillas de Word e Power-Point que serán remitidas ao profesorado para unificar a imaxe dos materiais utilizados en moodle.
- c) Docnet: a aplicación abríuse o 8 de maio e os prazos para a elaboración e aprobación das guías docentes son os seguintes:
 - Do 08/05/2014 ao 15/06/2014: elaboración das guías docentes polo profesorado.
 - Do 15/06/2014 ao 10/07/2014: revisión das guías docentes polos coordinadores de módulo.
 - 11/07/2014 aprobación en Xunta de Centro da Facultade de Historia das guías docentes.



d) A coordinadora informa sobre a apertura da preinscripción (27/06/2014 - 03/07/2014) e do primeiro prazo de matrícula (19/07/2014 - 23/07/2014) nas titulacións da Universidade de Vigo. Informa tamén da solicitude de información realizada dende Perú por un interesado ao que se lle expedíu un certificado sobre o cumprimento dos requisitos de admisión no máster que lle permitira solicita unha bolsa de estudos.

e) Subsanacións na memoria do máster sobre *Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos e Calendario de implantación* (ANEXO 1).

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 26/02/2014.

Apróbase por asentemento a acta do 26/02/2014.

3. Aprobación, se procede, dos prazos e accións necesarios para a presentación do máster.

Acórdase realizar a presentación oficial do máster o día 21 de maio ás 17:00 h. na Facultade de Historia, con conexións mediante video-conferencia coa Facultade de Enxeñaría de Minas e coa Escola de Restauración de Pontevedra. A instancias do profesor Pedro Arias acórdase tamén solicitar ao equipo contratado para o proxecto de Comunicación do Máster; propostas sobre outras posibles accións de difusión.



Acórdase tamen realizar unha campaña de difusión do máster mediante e-mailing da coordinadora.

4. Aprobación, se procede, do prazo para a elaboración e volcado en moodle da programación das materias do máster.

Acórdase fixar o día 30 de maio como final do prazo para a elaboración e volcado en moodle da programación das materias do máster.

5.- Aprobación, se procede, dos prazos e criterios para a elaboración de horarios.

Acórdase iniciar a elaboración dos horarios do máster sobre unha proposta da coordinadora en Google-calendar, na que se suxerirá ao profesorado a conveniencia de



agrupar a docencia presencial de varias materias en horario de tarde, nunha sesión semanal (proposta do módulo 4) ou en dúas sesións de 2h. 30' por materia, a principios das primeira e terceira semanas (proposta do módulo 3).

6. Rogos e preguntas.

A profesora Cristina Montojo pregunta como se vai resolver a obriga de presencialidade cando o alumnado non poida asistir ás sesións establecidas. O profesor Pedro Arias suxire a conveniencia de gravar as clases no momento en que se están impartindo, de forma que os estudantes poidan consultalas sempre que o necesiten. A profesora Beatriz Comendador advirte que ese tipo de gravación pode non ser posible en todas as aulas de video-conferencia que se utilicen para impartir a docencia do máster, en cuxo caso habería que realizar as gravacións noutro momento.

O profesor Pedro Arias pregunta cantas persoas mostraron interese polo máster. O profesora Beatriz Comendador resposta que 4 ou 5 persoas (ún deles peruano) preguntaron polo máster e outra tantas polo doutoramento. O profesor Fernando Carrera comenta que en Pontevedra aínda non recibiron ningunha consulta.

Sen máis remata a sesión


Ourense, a 13 de maio de 2014.

A Coordinadora


Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 9-07-2014.

A Secretaria,

M^a Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1 (subsanción memoria máster):



NORMATIVA
Transferencia y reco



**10_Calendario de
implantacion.pdf**